

Organització pel **Multilingüisme**
Organización por el **Multilingüismo**
Eleaniztasunaren aldeko Antolakundea
Organización polo **Multilingüismo**

Nota de prensa



Monarquía española: igualdad de sexos, igualdad de lenguas

A Organización polo Multilingüismo inicia publicamente a campaña “Monarquía plural” para regular os usos lingüísticos dos membros da Familia Real Española.

[CASTELLANO · CATALÀ/VALENCIÀ · GALEGO · EUSKARA · ENGLISH](#)

Obxectivos da campaña

O obxectivo da campaña “Monarquía plural” é que a primeira institución do Estado, a Coroa, asuma como propios —e use plenamente— o castelán, o catalán/valenciano, o galego e o éuscaro. As demandas concretas que a Organización polo Multilingüismo formula son:

1. Nas súas aparicións públicas dirixidas á cidadanía española, os membros da Familia Real —e moi especialmente o rei, a raíña e o príncipe ou princesa herdeiros— deben usar as catro linguas do Estado.
2. Nas súas estadias en comunidades autónomas cunha lingua propia distinta do castelán, os membros da Familia Real —e moi especialmente o

rei, a raíña e o príncipe ou princesa herdeiros— deben usar preferentemente a lingua propia distinta do castelán.

3. Nas súas participacións en foros e acontecementos internacionais, os membros da Familia Real que actúen en representación de España deben usar as catro linguas do Estado.

4. Os plans educativos de todos os membros da Familia Real deben incluír un nivel de aprendizaxe adecuado do catalán/valenciano, do galego e do éuscaro, ademais do castelán.

5. A Casa Real debe usar unha denominación plurilingüe en toda a súa documentación, incluída a súa páxina web, e comunicarse coa cidadanía e cos organismos públicos e privados na lingua oficial española escollida por estes.

6. O rexistro da Casa Real debe ser plurilingüe e todos os membros da Familia Real serán inscritos co seu nome en castelán, catalán/valenciano, galego e éuscaro.

7. Os provedores da Casa Real deben usar o castelán, o catalán/valenciano, o galego e o éuscaro nos seus produtos.

8. Toda a simboloxía estatal vinculada coa Casa Real, incluídas as moedas e os selos, debe incorporar o castelán, o catalán/valenciano, o galego e o éuscaro.

A Familia Real e a Casa Real, adicionalmente, amosarán un especial respecto cara ao asturiano, o aragonés e o occitano (aranés).

Unha oportunidade histórica: igualdade de sexos, igualdade de linguas

O Goberno español expresou a súa vontade e o seu compromiso de cambiar, durante a presente lexislatura das Cortes Xerais (2004-2008), a Constitución española de 1978 para igualar a mulleres e homes no dereito á sucesión na Coroa.

A Organización polo Multilingüismo pide que se aproveite este cambio constitucional para regular por lei, nun marco de plurilingüismo igualitario, o uso do castelán, do catalán/valenciano, do galego e do éuscaro por parte dos membros da Familia Real.

Actividades da campaña: mocións para concellos e entidades

A campaña “Monarquía plural” constará de distintas actividades e terá unha duración ilimitada ata que acade os seus obxectivos.

Neste momento, a Organización polo Multilingüismo presenta as mocións que lles enviará aos municipios das comunidades autónomas con dúas linguas cooficiais, pero tamén aos municipios das comunidades autónomas nas que o castelán é a única lingua oficial para que as aproben e llas envíen aos/ás seus/súas destinatarios/as.

As mocións tamén poden ser aprobadas por entidades de calquera natureza. Aquí (www.om-plural.org/mocions/mo-mp-OM-cat.pdf) pódese consultar, en catalán/valenciano, en PDF a moción aprobada pola Organización polo Multilingüismo, que xa foi enviada —por correo postal certificado e con aviso de recibimento— aos/ás seus/súas destinatarios/as.

Avaliación dos usos lingüísticos da Coroa

A Organización polo Multilingüismo está traballando no cuestionario que lles enviará proximamente aos membros da Familia Real para avaliar o seu uso do castelán, catalán/valenciano, galego e éuscaro en distintos ámbitos. Tanto o cuestionario como o resultado da avaliación faranse públicos.

Para máis información:

Organització pel Multilingüisme
Apartat de correus 107
08560 Manlleu (Barcelona)

Tel: 93 851 28 41

monarquiaplural@om-plural.org
www.om-plural.org

Nota. A Organización polo Multilingüismo non se pronuncia sobre o modelo político do Estado español por entender que esta non é, en ningún caso, unha materia obxecto das súas actividades e, en concreto, da campaña “Monarquía plural”. A Organización polo Multilingüismo só traballa para que as institucións centrais do Estado avancen cara á adopción dun modelo de plurilingüismo igualitario nos seus símbolos e institucións.

Nota. Desculpen as molestias que lles podemos ocasionar con esta mensaxe. Se non desexan recibir máis información da Organización polo Multilingüismo, envíen unha mensaxe a monarquiaplural@om-plural.org e borraremos o seu correo electrónico das nosas bases de datos. Moitas grazas.

Manlleu, 2 de xuño de 2005